

A MARCA CE NOS PRODUTOS DO CERRAMENTO

[*VERDADES e MENTIRAS*]



É unha iniciativa de:



!!! TEÑA COIDADADO !!!

Pódense atopar no mercado produtos que parecen cumprir ca Marcaxe CE pero que son **unha fraude**.

O símbolo da Marcaxe CE ten un **diseño concreto e regulado por normativa**.

A picaresca xurde co símbolo de CHINA EXPORT, case que idéntico ó logotipo europeo pero que, **en ningún caso** o fabricante do produto ou o seu exportador cumpre ca lexislación vixente. Simplemente anuncia que é un produto traído da China.



Que é a Marcaxe CE ?

A **marcaxe CE** significa "Conformité Européenne" ou Conformidade Europea e afecta á fabricación de multitude de produtos, entre os que se atopan os vencellados ó cerramento..

No sector do cerramento, que produtos teñen obrigatoriamente que levar a Marcaxe CE ?

As fiestras, as portas peonís exteriores, os portais de garaxe, as cancelas de fincas, as persianas metálicas comerciais, etc...

Para que serve a Marcaxe CE ?

Certifica que o fabricante do produto **cumpre cos mínimos requisitos legais e técnicos** en materia de seguridade. Ademais indica que o produto é conforme ca lexislación europea. É, polo tanto, un **produto legal**.

Como verifico se un produto cumpre ca Marcaxe CE ?

Depende de cada produto. No caso das *fiestras, portas peonís exteriores, ou portais manuais* deben entregarlle una **Declaración de Prestacións** e mais á **Etiqueta CE**. No caso dun portal de garaxe ou calquera outro motorizado, **a Etiqueta CE debe ir adherida** ó produto.

Información elaborada pola **ASOCIACION DE EMPRESAS DO CERRAMENTO DE GALICIA ACEGAL**

Rúa Castela, nº 6 – 2º D * 36001 – PONTEVEDRA * (t) 902 021 930 / 986 108 025 * (m) 665 727 453

(☎) 604 036 853 * (e) acegal@acegal.gal * www.acegal.gal